

**CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2011-2012
TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES****(En extinción)**

Aprobado polo Consello de Goberno do 14 de abril de 2011

1. PERÍODO LECTIVO

O período do curso académico comprenderá desde o 1 de outubro de 2011 ao 29 de setembro de 2012. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O período de clases para o curso académico 2011/2012 comprenderá:

- Plans antigos (sen créditos LRU) e plans LRU con estrutura anual:
do 3 de outubro de 2011 ao 31 de maio de 2012
- Plans LRU con estrutura cuadrimestral:

Primeiro cuadrimestre: desde o 3 de outubro de 2011 ao 26 de xaneiro de 2012

Segundo cuadrimestre: desde o 22 de febreiro de 2012 ao 8 de xuño de 2012

3. AVALIACIÓN

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Fin de carreira Extraordinaria de decembro	do 1 ao 16 de decembro de 2011	20 de xaneiro de 2012
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 30 de xaneiro ao 18 de febreiro de 2012	28 de febreiro de 2012
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 11 de xuño ao 30 de xuño de 2012	13 de xullo de 2012
Setembro	Do 3 ao 15 de setembro de 2012	24 de setembro de 2012

As clases suspenderanse durante o período de avaliación.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2011 ata o día 7 de xaneiro de 2012 (ambos os dous incluídos), os días 20 e 21 de febreiro de 2012 e desde o día 2 ao día 7 de abril de 2012 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o venres día 27 de xaneiro de 2012 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter





festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de grao e de mestrado, tras o acordo da Xunta de Centro e a comunicación posterior á Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, que concederá o permiso, se procede, despois das adaptacións necesarias sen que estas produzan alteracións ou modificacións do correspondente plan de estudos publicado no BOE. Os centros que se teñen acollido a esta opción en cursos anteriores tamén deberán comunicalo. Para estes efectos, todos os centros interesados disporán dun prazo máximo que se fixa no 16 de setembro de 2011, para ter realizados os exames correspondentes á convocatoria extraordinaria de setembro, e entregadas e recepcionadas as actas, de xeito que as referidas titulacións poidan iniciar as súas actividades académicas axustándose no posible ao calendario aprobado para titulacións de grao e mestrado.

Estes centros poderán solicitar, sempre de forma motivada, que se manteña a convocatoria extraordinaria de setembro (no lugar da segunda oportunidade de xullo) coexistindo co calendario de estudos de grao e mestrado. A Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, competente para a concesión do permiso de adaptación de calendarios académicos, poderá conceder, de forma excepcional, esta petición.

 DILIXENCIA para facer constar que
o/o presente documento
composto de 2 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobado polo Consello de Goberno,
na súa sesión de data 14 de abril de 2011
O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Carlos Alonso Souto